

## Manuel Álvarez Torneiro: *As doazóns do incendio*

**Anxo Angueira**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1994]). “Manuel Álvarez Torneiro: *As doazóns do incendio*”. *A Trabe de Ouro*: 17, 113-114. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1130>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (1994). “Manuel Álvarez Torneiro: *As doazóns do incendio*”. *A Trabe de Ouro*: 17, 113-114.

\* Edición dispoñíbel desde o 11 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO:  
*AS DOAZÓNS DO INCENDIO*

Sotelo Blanco Edicións, Col. «Leliadoura»,  
Barcelona, 1993

---

Anxo Angueira

---

No número 13 destas mesmas páxinas reivindicaba Manuel Forcadela para Manuel Álvarez Torneiro, a propósito da publicación de *As voces consagradas*, un posto principal na poesía galega contemporánea. De paso, e dado o protagonismo que recentemente foron adquirindo os poetas maiores, aproveitaba para mallar nos «poetas novos», na súanosa xeración, á que descalificaba, entre outras cousas, por vaidosa, inauténtica e carente de talento.

Aínda que excesivo e xeneralizador nas súas palabras, tamén eu creo que as últimas entregas de Bernardino Graña, do propio Torneiro, de Xohana Torres, Luz Pozo, Manuel María, María Xosé Queizán ou de Antón Avilés de Tarñancos, esta póstuma, veñen pór as cousas no seu sitio a respecto dunha suposta «idade de ouro da poesía galega» protagonizada pola xeración dos oitenta e, ao mesmo tempo, esixir un papel importante para

os poetas maiores na contemporaneidade das nosas letras da que, por veces, foron esquecidos.

O caso de Manuel Álvarez Torneiro resulta especialmente chamativo por diferentes razóns. En primeiro lugar, o seu primeiro libro de poemas —*Memoria dun silencio*, 1982— ve a luz cando o autor conta con cincuenta anos de idade. A este séguenlle dous libros en castelán —*Desnudo en barro* e *Cenizas en el salmo*—, feito igualmente «inusual». Finalmente, e alén dunhas circunstancias vitais que parecen telo afastado, ou polas que se autosegregou, do escaparate cultural galego, chama a atención que a súa sexa unha poesía que, por culturalista, non está de moda.

Pero é unha espléndida poesía, como nolo confirma *As doazóns do incendio*, a súa última obra.

Alusións a Venecia como as do poema «Que un unánime alcohol nos restituía a lenda», as citas musicais —Bach, Albinoni, Scarlatti, Mozart, Mahler...—, as literarias —entre as que por certo predominan as referidas á literatura castelá: Vicente Aleixandre, Quevedo, Octavio Paz, Argensola, Vallejo..., aínda que a que encabeza o libro é un verso de X. L. Méndez Ferrín—, as pictóricas, etc. poden facernos crer que nos encontramos perante un modelo poético xa gasto, no que hai moito de gratuito e vacuo. E a verdade é que non resulta fácil mudar un código tan consabido para que as formas, os ritmos, e todo un caudal léxico xa trillado *signifiquen*. As sedas, as mazás, os perfumes, o ámbar, os veludos, as glicinas, as violas, as garzas, os setembros, o bosque, as magnolias, a ebriedade, o azul, o tránsito, o poema... todo se despoxa e limpa do perigo de non dicir nada, desa especie de *ruído* que levan implícito, e que as baleira, comunicacións de moi abundante ornato pero de escasa substancia.

Con materiais moi similares aos dunha poesía que xa temos por *dejà vu* Manuel Álvarez Torneiro constrúe, sen complexos, unha torre belísima de amor e de morte, e de vida, desde a que nos regala todo un caudal de autenticidade e de barroquísima sabedoría.

Pero tamén hai interesantes contribucións, por se estas non fosen poucas. En *As doazóns do incendio* Torneiro afianza un espacio, a pesar de ser tan interiorista, que noutras entregas súas só se nos anunciaba: a camposa, esa especie de gándara persoal e xenerosa. E ao lado dunha voz tan persoal e íntima, por veces aparece no poeta a voz comunal, a voz da tribo («Xunto as tribos de herba populosa e a mínima esperanza dun país» p. 83). Pero, sobre todo, Torneiro entrega un estilo novo, onde as palabras cobran outra vida. Trátase de imaxes visionarias, de asociacións léxicas mesmo surrealistas:

Hai unha luz-Chopin, amor batendo  
conta as horas atónitas: sucede  
esa humildade pura  
transpirando unha dor, prevalecendo  
en carne caediza,  
substituíndo sempre a algún prodixio,  
revertendo na vida o máis fértil (p. 99).

Coa poesía de Álvarez Torneiro, humilde e fóra do xogo das modas, fáiselle xustiza a un tempo e a uns modos. E, «as grandes cicatrices reciben os aceites».